



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 28 DE ABRIL DE 2016**

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia: Manuel Reyes García-Hurtado, Ana Iglesias Galdo, Alberto Franco Figueira, Teresa López Fernández, Ignasi Colominas Ezponda, Sonia Souto Camba, Pilar García de la Torre, Manuel Casteleiro Maldonado, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzo Modia, Domingo Calvo Dopico, Daniel Pena Agras e Inmaculada García-Fuentes Corredoira.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### **1. Informe do reitor**

Logo de dar a benvida, **o reitor** comezou informando sobre o novo sistema de acceso á Universidade que, por imperativo da LOMCE, terá que se aplicar desde o próximo curso 2016-2017. Lembrou que a LOMCE faculta as universidades a realizaren as súas propias probas, tendo en conta a nota media do bacharelato e mais o resultado da reválida, porén aínda non definida polo MECED. A UDC estivo a traballar para formular unha proposta conxunta, tanto no seo do SUG como na CRUE, unha vez que o MECED rexeitou aplicar a moratoria solicitada polas universidades. Tratábase de avalar a seguranza xurídica e a igualdade no acceso a todas as universidades do sistema. A proposta final, á Xunta, das tres universidades do SUG é que as universidades xestionen a reválida de bacharelato co fin de que, nunha proba única, os estudantes poidan realizar as probas específicas das materias que solicitaran. Finalmente, indicou que este vai ser tamén o modelo en que vai traballar o MECED no futuro decreto.

Deu tamén conta da presentación na Coruña do Informe cooperación e desenvolvemento (CeD), sobre os auspicios do Consello Social da nosa universidade. Deste relatorio, que compara o sistema universitario español cos seus homónimos europeos, tírase como conclusión que o SUG, malia estar peor financiado que os demais sistemas universitarios autonómicos (e,

dentro del, ser a UDC a que ten un financiamento menor) conta, porén, con máis alumnado e máis produción científica que a media do Estado.

A seguir, o **reitor** deu a palabra ás vicerreitoras e vicerreitores, ben como ao xerente e ao secretario xeral.

O **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya Fernández** deu conta da solicitude de proxectos por grupos da UDC á convocatoria do MINECO 2016 (50 para retos do coñecemento e 25 para a de excelencia). Informou tamén de que aínda están pendentes de resolver as do ano pasado, entre elas oito solicitudes de investigadores novos. Partillou tamén a información, facilitada desde a Xunta de Galicia, da vindeira convocatoria de grupos de referencia competitiva e centros singulares e a publicación, por parte do GAIN, dunha nova convocatoria de unidades mixtas, en datas aínda por concretar.

Deu conta tamén da proposta de resolución das convocatorias propias desta vicerreitoría: para congresos propónse a adxudicación dun total de 22 309,55 €, logo de traspasar 2209,55 € da partida de axudas H2020, co que queda pechado o segundo prazo, ao se esgotar a partida na primeira convocatoria. Para encontros de investigadores repartíronse 8618 € dos 10 000 € orzamentados; para estadias en centros de investigación, 73 570 €, polo que esta convocatoria queda tamén sen segundo prazo.

Presentou ao Consello o proxecto Interreg: Atlantic Social Innovation Hub (Person), que está a ser preparado pola OTRI co apoio da vicerreitoría para presentar na vindeira convocatoria do “Interreg Atlantic Area 2014-2020”, aberta do 26 de abril ata o 31 de maio. Informou de que hai unha comisión a traballar na preparación do proxecto e na procura de parceiros (entre 5 e 8). Para tal fin, xa se fixeron os primeiros contactos coa Universidade do Porto, coa de Cardiff e máis co INSERM de Francia, contando coa colaboración de grupos da UDC con proxectos xa concedidos.

Pola súa parte, o **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente (VPPD), Alberto Valderruten Vidal**, indicou que o 22 de abril remitiu un oficio aos departamentos co inicio do prazo de elaboración do POD, que remata o día 13 de maio.

A **vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU), Margarita Amor López**, deu conta brevemente da celebración



na UDC do IV Centenario do Pasamento de Miguel de Cervantes, da proposta de adxudicación de destinos na convocatoria SICUE e da realización dunha sectorial de estudantes da CRUE que tratou, nos termos xa informados polo reitor, da reválida de bacharelato.

De seguido, a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente (VOAID)**, **Nancy Vázquez Veiga**, deu conta da recepción de informes de acreditación de diferentes titulacións da UDC, ben como do proceso de elaboración dunha resolución reitoral que permita que o alumnado de doutoramento do programa 778/1998 poida pasar ao 99/2011. Para tal efecto, mantivéronse diversas reunións con directores e directoras de tese, co director da EIDUDC, con doutorandos e doutorandas e coordinadores e coordinadoras de programas. Existen aínda algunhas dificultades que a futura resolución tentará solucionar.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (VCFRS)**, **Araceli Torres Miño**, informou da realización na cidade de Pontevedra das III Xornadas de Universidade e Xénero, organizadas polas oficinas de Igualdade do SUG, e da participación da UDC nunha Xornada sobre Igualdade organizada pola Universidade de Trás-Os-Montes. Acrecentou que o día 21 de abril, dentro da Xornada sobre Retos da Inclusión na Universidade e na Empresa, organizada polo Consello Social da UDC, se presentou o proxecto “Espazo Compartido”.

O **secretario xeral** informou apenas dos próximos procesos de elección da dirección de centro na Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol e na de Ciencias da Educación da Coruña.

Finalmente, o **xerente** deu conta da aprobación polo Consello Social dos orzamentos da UDC para 2016 e da súa inminente publicación no DOG.

## **2. Aprobación da acta da sesión anterior**

Aprobouse por unanimidade a acta do anterior Consello de Goberno, realizado o día 14 de abril de 2016.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que



figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión nun (1) convenio marco, trece convenios específicos (13), e trinta e seis convenios para prácticas (36), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

#### **4. Calendario académico para o curso 2016-2017**

De acordo coa documentación incorporada no repositorio institucional da UDC e que consta como anexo desta acta, a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente (VOAID), **Nancy Vázquez Veiga** presentou a proposta de calendario académico para o curso 2016-2017.

Despois da presentación abriuse un debate coa intervención, en primeiro lugar, do profesor **Andrés Marcos García** para quen a data de inicio do primeiro cuadrimestre – 5 de setembro – non se adecúa ao período previsto para a matrícula do alumnado. Sinalou que dado que o primeiro cuadrimestre dura 16 semanas, malia estaren os POD elaborados para 14 semanas, existe un desfase que debe ser corrixido.

**Guillermo Lorenzo Gómez**, estudante de terceiro ciclo, formulou unha proposta de modificación do calendario co fin de que, en primeiro lugar, se atrase tres días o prazo previsto para o remate do prazo de reclamacións á primeira quenda de matrícula do doutoramento (22 de xullo): a razón é que non coincida a data de peche das actas co remate do prazo de matrícula no terceiro ciclo. Propón tamén prever un período de descanso entre a data prevista para a fin dos exames de grao (24 de xaneiro) e o inicio do segundo cuadrimestre (25 de xaneiro).

**Anxo Calvo Silvosa**, decano da **Facultade de Economía e Empresa**, insiste no que apuntara Andrés Marcos respecto do inicio do curso e o prazo de matrícula, chamando tamén a atención sobre as datas de realización da selectividade en setembro. Propón que, no futuro, o exame correspondente á segunda convocatoria de acceso á universidade se realice na segunda quincena de xullo, para evitar as distorsións provocadas pola incorporación de alumnado novo nos meses de outubro ou mesmo de novembro.

O **reitor** intervén para lembrar que no vello sistema de acceso á universidade o último prazo de matrícula termina o 21 de outubro e que, loxicamente, a UDC non pode dar comezo ás aulas nunha data tan tardía.



**Anxo Calvo** volve falar para propor que a referencia ás titulacións en extinción pase do punto 3.1 á primeira alínea do parágrafo 3.2.

**Moisés Canle López, decano da Facultade de Ciencias**, pregunta como casa a existencia na UDC de mestrados que son dobres titulacións internacionais coa limitación da matrícula de alumnado estranxeiro a un 30 % do total. O **reitor** intervén para esclarecer que no caso de dobres titulacións, a maioría do alumnado estranxeiro se matricula na súa universidade de orixe.

**Luís Hervella Nieto**, decano da Facultade de Informática, realiza dúas suxestións: que o comezo do curso se atrase até o 12 de setembro e que se reduza o prazo de matrícula para os alumnos de continuación.

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente responde que, se o curso comeza cedo, o 5 de setembro, é pola ponte de decembro (os días 6 e 8 de decembro caen no medio da semana). Malia ser consciente da problemática provocada pola chegada de alumnado co curso xa iniciado, móstrase pesimista acerca de que esta situación se poida solucionar. Pola contra, acepta atrasar 1 ou 2 días – até o 23 ou 24 de xullo - o prazo de reclamacións correspondente á primeira quenda de matrícula do doutoramento. Indica, porén, que non é posíbel atrasar alén do 25 de xaneiro o inicio das aulas do segundo cuadrimestre porque senón tamén terían que rematar máis tarde. A isto responde **Guillermo Lorenzo Gómez** que ben poucos alumnos haberá nas aulas o día 25 de xaneiro.

O **reitor** indica que unha posibilidade sería que o 23 de xaneiro fose a data de remate dos exames, mais iso reduciría o tempo para a súa realización. Cómpre ter en conta, sinala, que o problema afecta apenas aos estudantes que se examinen nese último día – que non son a totalidade – e tamén sobre a necesidade de que o segundo cuadrimestre dure 16 semanas e remate o 16 de maio. Propón, en consecuencia, que o calendario sexa aprobado sen prexuízo de que o período dos exames de xaneiro se poida mover un ou dous días.

A profesora **Mariló Candedo Guturiz** coincide en que, en efecto, o segundo cuadrimestre podería iniciarse máis tarde, aínda que lembra que tal posibilidade suporía rematalo tamén máis tarde – contra o día 19 de maio – creando problemas cos TFG e TFM. O mesmo, indica, para o primeiro cuadrimestre, especialmente tendo en conta que a primeira semana adoita



dedicarse á recepción e benvida ao estudiantado. Neste debate aberto acerca da comezo e duración do primeiro cuatrimestre participaron tamén **Luís Hervella Nieto**, **Andrés Marcos García** e **Susana Ladra González**, ben como o decano de Economía e Empresa, **Anxo Calvo Silvosa**, que se amosa partidario de aprobar o calendario nos termos propostos, co fin de permitir unha certa flexibilidade na programación das materias (xa que con 16 semanas de duración é posible suspender aulas sen necesidade de as recuperar, asumindo que a carga horaria no POD, tal e como apuntara **Andrés Marcos**, está calculada para un cuatrimestre de 14 semanas). Nese mesmo sentido maniféstase o decano de Ciencias, **Moisés Canle López**. **María Dolores Candedo** intervén novamente esclarecendo que non é que se elimine a docencia na última semana do primeiro cuatrimestre, esta mantense para os centros sen convocatoria adiantada.

Finalmente, o **reitor** desaconsella importar calendarios doutras universidades sen reparar en que, como sucede co calendario da Universidade de Vigo, estes non conteñen datas de exames. As importacións, en todo caso, deben ser completas e non escollendo apenas tacticamente o que convén. Após esta advertencia, lembra que o proposto é un calendario marco que cada centro pode adaptar ás súas necesidades. Trátase, simplemente, de marcar uns mínimos que fagan posible a realización de todos os procesos universitarios, tendo en conta, ademais, a sobrecarga crecente do período maio-agosto. Ante a pregunta de **Fernanda Miguélez Pose**, lembra que o acto de apertura do curso 2016-2017 no SUG se realizará na USC.

A proposta de calendarios foi aprobada sen votos en contra, pendente da introdución dos axustes acordados para os meses de xaneiro e xullo, segundo figuran no **anexo IV**.

#### **5. Proposta de concesión da medalla de ouro da UDC ao reitor Xosé Luís Armesto Barbeito**

A proposta foi aprobada por unanimidade conforme figura no **anexo V**.

#### **6. Quenda aberta de intervencións**

O profesor **Jesús Miguel Muñoz Cantero** pregunta se xa se está a traballar no calendario de doutoramento para o próximo curso.





**Guillermo Lorenzo Gómez** solicita que os estudantes de doutoramento sexan informados dos cambios que se introduzan na futura resolución reitoral e tamén, facéndose eco dunha demanda da delegación de estudantes da ETS de Enxeñeiros de Camiños, se se van equiparar as convocatorias da licenciatura ás do grao.

**Moisés Canle López** solicita información sobre o ciclo de conferencias de divulgación científica e sobre a convocatoria MINECO 2015, lembrando que despois dos atrasos gubernamentais veñen os problemas coa auditoría.

**Anxo Calvo Silvosa** demanda información sobre a redución de horas no POD derivada da avaliación da ANEP e interésase tamén pola universidade privada que vai crear en Galicia unha institución financeira, que acusa á pública de lentitude e burocratismo. Pregúntase o profesor Calvo se os promotores deste centro privado son conscientes de que os títulos teñen que ser acreditados, porque a lentitude está aí precisamente, na Administración universitaria e non na universidade. Seguindo co tema, e dado que as necesidades de profesorado foron estimadas entre 200 e 300 prazas, pregúntase en que caladoiro van pescar tanto docente. E, finalmente, interésase acerca de cal vai ser a actitude da UDC, xa que nin sempre a colaboración convive ben coa concorrencia.

O **reitor** intervén para contestar as cuestións suscitadas. Canto, en primeiro lugar, ao calendario de doutoramento, dá conta da previsión de o incorporar á aprobación da normativa académica do próximo curso.

A respecto do ciclo “Ciencia ex-press” informa de que se trata dunha iniciativa conxunta do Gabinete de Comunicación da UDC e da Asociación da Prensa da Coruña. Prevese unha conferencia por mes, con temas propostos pola Asociación da Prensa, para explicar de xeito ameno un tema de interese. Comezará o 5 de maio próximo cunha conferencia do profesor Barja sobre a lei d’Hont. A seguinte, no mes de xuño, versará sobre “Big Data” e será impartida pola profesora Amparo Alonso Betanzos.

Polo que atinxe á universidade privada anunciada por ABANCA di que a Reitoría dispón apenas da información brindada pola prensa, aínda que agarda poder falar cos impulsores do proxecto. Lembra que a antiga escola de negocios de Caixanova era un centro adscrito á Universidade de Vigo, que era a que expedía os títulos. Sobre a fichaxe de profesorado, lamenta que vaian contratar persoal que a universidade pública, a causa das



restricións legais e orzamentais, non vai poder incorporar. E, en fin, acerca da pretendida “flexibilidade” vaticina que baterán coas normativas externas de acreditación e verificación de títulos con que ten que lidar a UDC.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** anuncia que en breve estará rematado o calendario de doutoramento, do que se dará ao estudantado de terceiro ciclo toda a información. Guillermo Lorenzo Gómez solicita que se incorpore nun lugar ben visible na web da EIDUDC.

O **vice-reitor de Política Científica, Innovación e Transferencia** informa que da convocatoria MINECO 2015 fican por resolver 25 solicitudes de investigadores novos e que 26 xa foran resoltas. Canto ás reducións no POD, indica que se está a empregar a ANEP anterior a 2015, xa que esta aínda non está pechadas (á espera de que resolvan algunhas das alegacións formuladas).

Ao non haber máis asuntos que tratar, a sesión rematou ás 11:40 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral

Visto e prace  
O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso